


PRESENTACIÓN

OS LIBROS QUE HAI EN MIN

de EMMA PEDREIRA

SÁBADO 18 DE DECEMBRO DE 2021-13:00
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA





Presentación



Sábado **18 de decembro** ás **13:00**
Casa da Cultura
Pza. Suso Gayoso, 1, 27800 Vilalba

Participan:

Emma Pedreira (autora)
Pilar Maseda (escritora)
Marisa Barreiro (presidenta do IESCHA)

Organizan:   Colabora:  

O vindeiro sábado 18 de decembro, ás 13:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, terá lugar a presentación do libro de **EMMA PEDREIRA** "OS LIBROS QUE HAI EN MÍN", nun acto organizado polo IESCHA, a editorial CUARTO DE INVIERNO e o CONCELLO DE VILALBA.

Intervirán no mesmo: Marisa Barreiro, presidenta do IESCHA; Pilar Maseda, escritora, e Emma Pedreira, autora do libro.

Sinopse

Cando unha pensa que un día sen ler é un día perdido, o fai en calquera parte e o comparte

nas redes sociais, corre o risco de que 1nas editoras atentas e curiosas lle pidan algo así como unha "biografía bibliográfica". Un ensaio que percorra a vida dunha bibliópata desde a infancia ata os, poñamos por caso, corenta anos; desde que odiaba ler ata chegar ao punto de desexar non parar de facelo, no que conte as súas vivencias arredor desas obras que supuxeron un antes e un despois. Un texto cheo de humor, amor, anécdotas, digresións e libros.



Emma Pedreira

Biografía

Emma Pedreira (A Coruña, 1978). Poeta e narradora.

Como poeta ten publicado dez títulos ente os que destacan O Libro das mentiras, Antídoto ou As voces ágrafas. O seu poema "Lista da compra da viúva" foi considerado en 2017 o Mellor Poema do Mundo. Foi musicado polo músico Xoaq Berlai no seu último traballo, "Cas Berlai". Outros poemas seus como "É importante falar baixiño agora" ou "Castelo de Mentiras" foron versionados e musicados pola música e poeta asturiana Ana Lamela ou "Sapo de Lesbos" polo grupo vigués Xardín Desordenado.

Como narradora publicou Besta do seu sangue (Premio Xerais 2018 e Arzobispo San Clemente) ou Bibliópatas e fobólogos, que resultou Premio da Crítica Española en Lingua

Galego no ano 2017. En 2019 publica a súa primeira obra para público xuvenil, Os corpos invisibles, coa que acadou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil e o premio da Gala do Libro Galego 2020 como mellor obra xuvenil.

En Baía Edicións ten publicada a novela As fauces feroces e é unha das autoras incluída na antoloxía de relatos Entre Donas.

En 2021 publica, xunto coa ilustradora Laura Romero, o libro XelArias, palabra á intemperie, que visita, en clave de biografía poética a vida e obra de Xela Arias, poeta e tradutora á que se lle adican as Letras Galegas de 2021.

Como tradutora traduciu ao castelán a súa propia obra dentro do libro bilingüe galego-castelán Antídoto ou a tradución ao español de Corazón y demás tripas.

Como artista plástica fai pequenos libros de artista e collages, como os que ilustran o poemario a catro mans O Elo, xunto con Quico Valeiras ou creou portadas para libros, diarios e revistas, así como ilustracións interiores. Ademais, as súas obras poético-visuais O fotógrafo e As cicatrices son para a amante, combinan poesía e collage.

<https://cuartodeinverno.com/libros/10/os-libros-que-hai-en-min>

Entrada libre ata completar aforo, respetándose en todo caso as medidas sanitarias establecidas nese momento por mor da pandemia.